

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de agosto de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e seis de agosto de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora xeral, Sr. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(819).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo, do 19 de xullo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de xullo e ordinaria e extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(820).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7889/307.

Dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación o 23.08.16, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 19 de agosto de 2016 acordou:

4.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación de 19 de agosto de 2016 do licitador SIFU,S.L., por presentar unha oferta que supera o tipo de licitación.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

| EMPRESA | PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PREZO | PUNTUACIÓN INCREMENTO FRECUENCIAS (ZONAS A E B) | PUNTUACIÓN TOTAL |
|-------------------------------------------------------------|----------------------------|-------------------------------------------------|------------------|
| XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL | 60 | 28,71 | 88,71 |
| ALTHENIA SL | 55,22 | 27,27 | 82,49 |
| INGESER ATLÁNTICA, SL/SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN SL (UTE) | 48,36 | 27,91 | 76,27 |
| ELSAMEX SA | 37,97 | 26,62 | 64,59 |
| VIVEIROS ADOA SL | 54,70 | 5,54 | 60,24 |
| CALFENSA PROYECTOS SL | 50,30 | 14,95 | 65,25 |
| ALVAC SA | 29,28 | 5,39 | 34,67 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(821).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADOR PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PERANTE DISTINTOS ÓRGANOS XUDICIAIS. EXPTE. 9408/111.

Visto o informe de fiscalización do 4.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 11.07.16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de xullo de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do Concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais (expediente 9408-111)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do Concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local celebrada o 19 de febreiro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación a) dos servizos de procuradores para a representación do

*concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais (expediente 9408-111)”
no seguinte orde decrecente:*

| | | | | | | | | |
|---------------|----------------------|----------------------|--------------------------|---------------------|-----------------------|-----------------------|--------------------------|------------------------|
| <i>Lote 1</i> | <i>Paula Llordén</i> | <i>Ramón Cornejo</i> | <i>M. Jesús Nogueira</i> | <i>Pablo Acosta</i> | <i>Jesús González</i> | <i>Maria Santiago</i> | <i>M. Dolores Doldán</i> | <i>Ricardo Estévez</i> |
| <i>Total</i> | <i>95</i> | <i>94</i> | <i>94</i> | <i>93</i> | <i>93</i> | <i>90</i> | <i>90</i> | <i>90</i> |

| | | | | | | |
|---------------|---------------------------|----------------------|---------------------|--------------------------|---------------------|---------------------|
| <i>Lote 2</i> | <i>J. Antonio Garrido</i> | <i>Begoña Millán</i> | <i>Miguel Pardo</i> | <i>J. Antonio Castro</i> | <i>José Amenedo</i> | <i>Ana González</i> |
| <i>Total</i> | <i>98</i> | <i>97</i> | <i>96</i> | <i>93</i> | <i>90</i> | <i>90</i> |

| | |
|---------------|------------------------|
| <i>Lote 3</i> | <i>Silvia Barreiro</i> |
| <i>Total</i> | <i>93</i> |

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados nas catro primeiras posicións no lote 1, nas dous primeiras posicións no lote 2 e ó único clasificado no lote 3, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica, consonte ó previsto na cláusula 8.1 do PCAP.*
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica o profesional consonte ó previsto na cláusula 8.4 do PCAP.*
- Habilitación profesional.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil coas características descritas na cláusula 26 do PCAP.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.7 do prego.*

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 729,92 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación, correspondéndolle o aboamento de 104,28 a cada un deles”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados nas catro primeiras posicións no lote 1, nas dous primeiras posicións no lote 2 e ó único clasificado no lote 3, o día 25 de febreiro de 2016, que presentan á documentación no prazo conferido ó efecto, agás D. Pablo Acosta Padín. Esta documentación foi cualificada pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 6 de abril de 2016.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 6 de abril de 2016, á vista da falla de presentación da documentación por D. Pablo Acosta Padín, e en

aplicación do previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, formulou unha nova proposta ó órgano de contratación de requirimento de documentación ao licitador seguinte no orde de clasificación das ofertas.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, a proposta da Mesa de Contratación, en data 29 de abril de 2016, acordou:

“1º Requiritur ao licitador clasificado no quinto lugar no lote 1, D. Jesús González-Puelles Casal a presentación no prazo de dez días seguintes a notificación deste acordo a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica, consonte ó previsto na cláusula 8.1 do PCAP.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica o profesional consonte ó previsto na cláusula 8.4 do PCAP.
- Habilitación profesional.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil coas características descritas na cláusula 26 do PCAP.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.7 do prego.
- O aboamento de 104,28 euros en concepto de anuncios de licitación.

“2º Excluir da licitación a Dna. Silvia Barreiro por presentar unha declaración negativa de atoparse ao día nas obrigas tributarias e polo tanto declarar deserto o lote 3”.

Quinto.- D. Pablo Acosta Padín, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello en data 5 de maio de 2016, presenta recurso de reposición, solicitando que se lle conceda un novo prazo para presentar a documentación que foille requirida por correo electrónico como clasificado no Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procurador dos Tribunais, por non ter recibido esta comunicación.

Sexto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de xuño de 2016, acordou:

“1º.- Admitir o recurso de reposición interposto por D. Pablo Acosta Padín, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de maio de 2016, no procedemento de licitación do Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procurador dos Tribunais (expediente 9408-111).

2º.- Desestimar o citado recurso de reposición interposto por D. Pablo Acosta Padín, polas razóns expostas no fundamento xurídico terceiro do presente informe”.

Sétimo.- A mesa de contratación, na data 29 de xuño de 2016, revisou a documentación presentada por D. Jesús González-Puelles Casal, sendo esta correcta. Revísase a documentación presentada polo resto dos licitadores e compróbase que os certificados de non ter débedas tributarias presentados por D. Ramón Cornejo Molins están caducados polo que se acorda pedirle outros novos.

Oitavo.- A mesa de contratación, en data 6 de xullo de 2016, revisou a documentación presentada por D. Ramón Cornejo Molins, comprobando que os certificados de non ter débedas tributarias están vixentes, polo que a documentación é correcta, e acórdase, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados neste acordo marco como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede a súa adxudicación.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor dos licitadores que presenten as proposicións que conteñan a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

As ofertas economicamente máis vantaxosas para a administración contratante son as seguintes:

- Lote 1: Paula Llordén Fernández-Cervera, Ramón Cornejo-Molins González, M. Jesús Nogueira Fos e Jesús González- Puelles Casal.
- Lote 2: José Antonio Garrido Pardo & asociados, S.L. e Begoña Millán Iribarren Procuraduría, S.C.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar o acordo marco para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do Concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais cunha rebaixa do 12% sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes aos seguintes licitadores:

- LOTE 1:

- Paula Llordén Fernández-Cervera
- Ramón Cornejo-Molins González
- M. Jesús Nogueira Fos
- Jesús González- Puelles Casal

- LOTE 2:

- José Antonio Garrido Pardo & asociados, S.L.
- Begoña Millán Iribarren Procuraduría, S.C.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(822).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “7ª TRAVESÍA A NADO ISLAS CIES- DESAFIOISLASCÍES”, O VINDEIRO 27 DE AGOSTO DE 2016. EXPTE. 15270/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 23.08.16, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Asociación Aguas Abiertas de Galicia con CIF(G-27742386), solicitou o día 09-08-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160108349), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 7ª TRAVESIA A NADO LAS ISLAS CIES
- Data: 27-08-2016
- Horario: 11.00H a 15.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro sábado 27 de agosto de 2016; a proba se desenvolverá na praia do Vao, de 11.00h a 15.00h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Protección civil
- Medio Ambiente
- Policía Local

Ao respecto informaron favorablemente os seguintes organismos:

- *Servicio Provincial de Costas de Pontevedra*
- *Capitania Marítima*
- *Autoridad Portuaria*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Asociación Aguas Abiertas de Galicia con CIF(G-27742386), a organizar o vindeiro sábado 27 de agosto de 2016, a proba deportiva denominada 7ª TRAVESIA A NADO ISLAS CIES, esta proba se desenvolverá na praia do Vao, nun horario comprendido entre as 11.00h a 15.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(823).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO PREPARA”. EXPTE. 13239/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19.08.16, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro delegado da Área, e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente do 29 de xaneiro de 2016 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

1.- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Vigo Prepara”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2.- Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía

xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia , e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, publicado no BOG do 30 de decembro de 2015”.

3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2016 e 2017, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4.- Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “Vigo Prepara”.

Con data do 28 de xullo de 2016, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado “VIGO PREPARA” por resolución de 08/07/2016 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2015e publicada unha corrección de erros no DOG núm. 16 do 26 de xaneiro de 2016) co número de expediente 36/00031/2016, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 130.873,43 € para a posta en marcha das ditas accións.

A resolución supón a aceptación dunha das dúas especialidades solicitadas (Xardinería-Mantenemento e mellora de xardíns e zoas verdes e Promoción Turística Local e Información ao Visitante), en concreto a de Promoción Turística Local e Información ao Visitante, cunha redución do número de alumnos/as-traballadores/as a 15, cando a solicitude presentada era de 30 para as dúas especialidades, e unha redución da axuda solicitada (268.621,49 €), por importe de 137.748,06 € o que supón un 51,28% de redución.

Da cantidade global de concesión da subvención (130.873,43 €), dos que 30.201,53 € corresponden á subvención para custes do persoal directivo e de administración e custos de funcionamento e 100.671,90 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario de Administración Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado “VIGO PREPARA”, por resolución de 08/07/2016 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autóno-

ma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2015 e publicada unha corrección de erros no DOG núm. 16 do 26 de xaneiro de 2016) co número de expediente 36/00031/2016, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 130.873,43 € para a posta en marcha das ditas accións.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO PREPARA", conforme ao establecido na Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(824).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO. EXPTE. 13241/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19.08.16, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro delegado da Área, e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do 22 de xaneiro de 2016 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

1.- *Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e prospección de emprego previstas a realizar nun período de 12 meses que abarcará o ano 2016 e o ano 2017.*

2.- *Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención total de 69.000,00 € para financiar a contratación de tres técnicos/ás de orientación laboral nun período de 12 meses de acordo co establecido na Orde do 29/12/2015, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 78.219,21€ para a contratación deste persoal técnico.*

3.- *Asumir as obrigas económicas que ao concello lle corresponda no desenvolvemento do proxecto, con cargo ás partidas orzamentarias 2410 1200100 "Retrib. Básicas A2 (P. Emprego)"; 2410 1210001 "Complem. Destino A2 (P. Emprego)"; 2410 1210101 "Complem. Específico A2 (P. Emprego)" e 2410 1600000 "Seguridade Social Emprego" dos presupostos municipais dos anos 2016 e 2017 para o cofinanciamento deste proxecto.*

| CUSTOS TOTAIS | Mensual | | | Anual | | | | |
|-----------------------------------------------------------|------------------|-----------------|------------------|-----------------------|-----------------|--------------|-------------------------------|-------------------------|
| | Salario bruto | SS em- presa | Custo to- tal | Salario (14 pagas) | SS empre- sa | Custo total | Subven- ción Xunta máx. | Aportación municipal |
| 3 Titulado/a medio/a (Orientador/a labo- ral) | 9.372,96 € | 2.895,31 € | 12.268,27 € | 112.475,52 € | 34.743,69 € | 147.219,21 € | 69.000,00 € | 78.219,21 € |

–Orde do 29 de decembro de 2015 no artigo 4: subvención máxima de 23.000,00 €/ano por cada técnico contratado para o desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

4.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, para a tramitación e xestión desta subvención ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Con data do 29 de xullo de 2016 recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego, por resolución do Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencions para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego co número de expediente TR331A/2016-0096, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 69.000,00€ para a posta en marcha das ditas accións.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario de Administración Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución de 19 de xullo de 2015, do Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión des subvencions para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego, co expediente TR331A/2016-0096, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 69.000,00€ (inclúe a contratación de 3 técnicos de orientación, por un periodo de 12 meses) para a posta en marcha do programa de Información, Orientación e Prospección de Emprego.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa de Información, Orientación e Prospección de Emprego, conforme ao establecido na orde de 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencions para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(825).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2016. EXPTE. 6499/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 28.07.16, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada da Área e conformado polo secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

A concellería de Festas e Turismo está a xestionar o programa de actividades que terán lugar na nosa cidade nos meses de xullo, agosto e setembro, dentro das Festas de Verán 2016. Dentro desta programación véñse incluíndo nos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo, e que se realiza en colaboración con diversas entidades, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Así, como consecuencia dunha resolución da concelleira de Festas de data 27 de xullo de 2016 iniciouse o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Mexillón 2016”, o vindeiro 10 de setembro, no Parque de Castrelos, dentro da programación “Vigo en Festas 2016”.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ó limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

Este convenio prevé unha disposición orzamentaria de 6.500,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0005 (Convenio Fed Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio.

Outras obrigas que asume o Concello respecto da entidade son: colaborar na organización xeral en xestións como a presenza da Policía Local e dos servizos de Protección civil, editar un total de 500 carteis que distribuirán posteriormente a entidade e incluír a festa gastronómica no programa “Vigo en Festas 2016”.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 12.890,00 euros.

representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 6116/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, no parque de Castrelos, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades “Vigo en festas 2016”, que se desenvolve nos meses de xullo, agosto e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 6.500,00 (seis mil cincocentos) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2016 no Parque de Castrelos o vindeiro 6 de setembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsábeis e certificacións que figuran no expediente núm. 6499/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas El Olivo comprométese a colaborar coa Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2016 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 10 de setembro de 2016, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos onde teña lugar a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2016".

4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 6.500,00 (seis mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2016.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total de 13.100 €*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor,*

obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.*

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será

comprobada polo servizo da Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de Festas do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2016 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixesimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas e Turismo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

*A concelleira delegada da
Área de Festas e Turismo*

*O presidente da
Federación de Peñas recreativas El Olivo*

Ana Laura Iglesias González

Camilo Pais Martínez

8(826).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE FESTAS, DURANTE O MES DE XULLO DE 2016. EXPTE. 6596/335.

Dáse conta do informe-proposta do 4.08.16, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, aprobadas polo Pleno con data 09/12/2015, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de xullo de 2016.

Expte: 6546/335. CONTRATACIÓN DA VENDA DE ENTRADAS PARA CATRO CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS – VIGO EN FESTAS 2016

Decreto concelleira data: 01/07/2016

Informe Intervención: RCM 67997

Adxudicatario: FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL

Importe total: 6.400,00 EUROS

Expte: 6557/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PREVENTIVOS PARA AS ACTUACIÓNS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2016

Decreto concelleira data: 01/07/2016

Informe Intervención: RCM 68000

Adxudicatario: CRUZ ROJA ESPAÑOLA

Importe total: 3.800,00 EUROS

Expte: 6559/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CORAL CASABLANCA

Decreto concelleira data: 04/07/2016

Informe Intervención: RCM 68039

Adxudicatario: FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA

Importe total: 8.000,00 EUROS

Expte: 6556/335. CONTRATACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS PARA OS CONCERTOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2016

Decreto concelleira data: 07/07/2016

Informe Intervención: RCM 68848

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 3.751,00 EUROS

Expte: 6564/335. CONTRATACIÓN DAS LUCES E SON PARA OS CONCERTOS DE ANTHRAX E ANTONIIO OROZCO

Decreto concelleira data: 12/07/2016

Informe Intervención: RCM 69751

Adxudicatario: GLOBAL SETUP SL

Importe total: 16.227,91 EUROS

Expte: 6560/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE ANTHRAX

Decreto concelleira data: 13/07/2016

Informe Intervención: RCM 70183

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 11.049,64 EUROS

Expte: 6561/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE ANTONIO OROZCO

Decreto concelleira data: 13/07/2016

Informe Intervención: RCM 70185

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 10.785,12 EUROS

Expte: 6569/335. CONTRATACIÓN DAS LUCES E SON PARA O CONCERTO DA CORAL CASABLANCA

Decreto concelleira data: 13/07/2016

Informe Intervención: RCM 70853

Adxudicatario: KACHET LOXÍSTICA SA e LUZ PUNTUAL SL

Importe total: 5.697,45 EUROS

Expte: 6562/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO LA NOCHE MOVIDA

Decreto concelleira data: 13/07/2016

Informe Intervención: RCM 70187

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 11.675,56 EUROS

Expte: 6563/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE AURYN

Decreto concelleira data: 13/07/2016

Informe Intervención: RCM 70188

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 10.618,91 EUROS

Expte: 6571/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS E PRODUCCIÓN DO CONCERTO DE ORFEÓNS NO AUDITORIO MAR DE VIGO

Decreto concelleira data: 13/07/2016

Informe Intervención: RCM 70186

Adxudicatario: ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO

Importe total: 6.000,00 EUROS

Expte: 6572/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DOS CONCERTOS CATIVO MUSICAIS

Decreto concelleira data: 18/07/2016

Informe Intervención: RCM 70674

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 20.161,26 EUROS

Expte: 6573/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DA CORAL CASABLANCA

Decreto concelleira data: 18/07/2016

Informe Intervención: RCM 70671

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 17.232,34 EUROS

Expte: 6574/335. CONTRATACIÓN DAS LUCES E SON PARA O CONCERTO LA NOCHE MOVIDA

Decreto concelleira data: 20/07/2016

Informe Intervención: RCM 70674

Adxudicatario: GLOBAL SETUP SL

Importe total: 9.627,39 EUROS

Expte: 6578/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE E DESMONTE DE ESCENARIO NA PORTA DO SOL PARA O CONCERTO DE ORIGINAL BLUES BROTHERS BAND

Decreto concelleira data: 27/07/2016

Informe Intervención: RCM 73486

Adxudicatario: INVERYMUSIC SL

Importe total: 1.815,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(827).- ENCOMENDA DE XESTIÓN DOS LOCAIS B E D DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓN SAN FRANCISCO AO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ. EXPTE. 7408/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29.07.16, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o Concelleiro delegado da Área e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Na actualidade no Rexistro Municipal de Asociacións, se atopan rexistradas máis de 1.700 asociacións de toda índole, asociacións que na maioría dos casos se atopan con dificultades para o seu funcionamento ao carecer de locais para o desenvolvemento das súas actividades, polo que no servizo de Participación Cidadá, existe unha importante demanda de locais municipais.

A proposta do servizo de Participación e Atención Cidadá, no expediente 6252/320, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de agosto de 2013, adoptou entre outros os seguintes acordos:

- Revogar as autorizacións de uso dos despachos A, B e D, emprazados no "Viveiro de Asociacións San Francisco" R/ San Francisco, 59-1.*
- Encomedar a xestión do locais "B" e "D" do "Viveiro de Asociacións San Francisco", emprazados na rúa san Francisco nº 57 ao servizo de Benestar Social, coa finalidade de destinar os mesmos a prestación de servizos de axuda a persoas en situación de emerxencia social.*

Desde a aprobación do acordo e ata o momento actual o servizo de Benestar Social, non ten utilizado os locais B e D do "Viveiro de Asociacións San Francisco", para realizar ningunha actividade, polo que os mesmos se atopan valeiros.

Tendo en conta esta situación de falta de uso dos locais B e D, e coa finalidade de dar resposta a algunha das demandas de locais das asociacións inscritas no RMA, é preciso encomendar a xestión dos locais "B" e "D" do "Viveiro de Asociacións San Francisco", emprazados na rúa san Francisco nº 57, polo que PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos acordos seguintes:

–Encomedar a xestión do locais "B" e "D" do "Viveiro de Asociacións San Francisco", emprazados na rúa san Francisco nº 57 ao servizo de Participación e Atención Cidadá, coa finalidade de destinar os mesmos a ocupación e uso privativo a entidades sin ánimo de lucro rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades, conforme aos fins propios dos seus estatutos e en todo caso, aos fins de utilidade pública e

de interese social, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza da cidade e nunca en defensa de intereses comerciais ou profesionais.

–Comunicar ao servizo de Patrimonio e Contratación o novo destino dos locais “B” e “D” de propiedade municipal emprazados na rúa san Francisco nº 57.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(828).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAL MUNICIPAL DO NÚM. 34 DA RÚA PALENCIA. EXPTE. 19853/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18.08.16, asinado pola xefa da Área Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data de 6/08/2015, a Xunta de goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente acorda a “1º.- Aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do local municipal do núm. 34 da rúa Palencia, consonte ó texto que figura no anexo I do acordo da Xunta de Goberno local de data 14/05/2015.

2º.- Outorgar á Fundación Igual Arte a concesión administrativa do uso privativo do local municipal do núm. 34 da rúa Palencia, dacordo co anterior prego aprobado.”

Posteriormente con data 21/04/2014, a Fundación Igual Arte, presenta comunicación previa de obras de adecuación de local para a actividade. Con dita solicitude presenta proxecto técnico suscrito polo Arquitecto Alberto Mera Castro, xunto con oficio de dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde suscrita polo mesmo técnico. A citada documentación dixital consta no expediente 88024/421.

Segundo.- Na instrucción do expediente o enxeñeiro de edificación con data 05/07/2016, emite informe no que sinala que: “Nas obras propostas pretense a nova distribución na planta baixa para adecualo ó uso educativo que se propón, tamen a redistribución da planta alta, supresión de barreras arquitectónicas coa implantación de ascensor para acceso entre plantas de distinto nivel, renovación de material de instalacións, acabados interiores e exteriores e carpinterías, sendo a superficie total construída de 719,03 m², dos cales 355,64 corresponden a planta baixa e o resto 363,30 a planta alta.

No aspecto urbanístico a edificación atopase calificada segundo o PXOU/93, como suelo urbano consolidado sendo a ordenanza de aplicación 3.3 de Zonas culturais e sociais onde o uso escolar existente e a ampliación do mesmo está axustado a dita ordenanza, quedando o edificio resultante dentro de ordenación”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa consultada

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local*
- *Lei 2/2016, de 16 de febreiro, do solo de Galicia*
- *PXOM 1993*

Segundo.- A edificación obxeto das obras de mantemento, correspóndese coa propiedade de nº 37 do IMBD, cedido en uso a Fundación Igual Arte por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/08/2015, para o cumprimento dos fins que constan nos estatutos da Fundación.

Terceiro.- Dacordo co informe técnico emitido polo enxeñeiro de edificación municipal, non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

Cuarto.- A teor do informado, non existe inconveniente en autorizar as obras propostas, obras que en calquera caso quedarán a beneficio da propiedade do inmovible sen que polas mesmas deba aboar precio ou indemnización algunha esta Administración.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto no artigo 127.1 letra "e" LRBRL.

Á vista das anteriores circunstancias, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar á Fundación Igual Arte a realización das obras solicitadas en data 21/04/2014, de nova distribución na planta baixa para adecualo a uso educativo, a redistribución da planta alta, supresión de barreras arquitectónicas coa implantación de ascensor para acceso entre plantas de distinto nivel, renovación de material de instalacións, acabados interiores e exteriores e carpinterías, sendo a superficie total construída de 719,03 m², dos cales 355,64 corresponden a planta baixa e o resto 363,30 a planta alta; cun presuposto de execución material de un importe de 99.473,40 euros; e un presuposto de contrata IVE incluído de 143.231,75 euros. No aspecto urbanístico a edificación atopase calificada segundo o PXOU/93, como suelo urbano consolidado sendo a ordenanza de aplicación 3.3 de Zonas culturais e sociais onde o uso escolar existente e a ampliación do mesmo esta axustado a dita ordenanza, quedando o edificio resultante dentro de ordenación.

SEGUNDO.- Autorizar a actividade de uso educativo no edificio sito no núm. 34 da Rúa Palencia, composto de dúas plantas. Sendo a superficie total construída de 719,03 m².

TERCEIRO.- A autorización suxeita ás seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1. *A autorización otorgase exclusivamente para a realización das obras descritas no informe do enxeñeiro de edificación de data 05/07/2016, sendo do seu cargo os costes que xeneren.*
2. *A seguridade na execución das obras corresponderalle á dita entidade Igual Arte, debendo responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia da súa realización.*
3. *O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado do inmovible e as obras autorizadas, debendo ó efecto comunicar a Fundación autorizada, a data de inicio das obras para súa comprobación polos servizos técnicos municipais. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario á revocación da autorización.*
4. *A presente autorización estará suxeita ó aboamento das correspondentes taxas dacordo co disposto na Ordenanza Fiscal de aplicación, no suposto de que a súa execución requira a ocupación do dominio público municipal*
5. *O prazo de inicio non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o seu otorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*
6. *A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.*
7. *A autorización extinguirase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:*
 - a) *Transcurso do prazo polo que foi outorgada a autorización*
 - b) *Renuncia da Fundación a autorización.*
 - c) *Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.*
 - d) *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
 - e) *Disolución, fusión ou escisión da asociación.*
 - f) *Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima dunha semana.*
8. *O coste das obras autorizadas correrán a cargo da Fundación Igual Arte, quedando a beneficio da propiedade do inmovible sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.*

CUARTO .- No prazo máximo dun mes dende a finalización das obras procederase á posta en funcionamento do edificio previa comunicación do interesado.

En todo caso o responsable da concesión – ou facultativo designado pola administración representate desta- redactarán un acta en presenza do interesado, na que se estableza que as obras se atopan en bo estado e con arranxo ás que foron obxecto de concesión.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(829).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 49775/212.

Dáse conta do informe-proposta de data 3.08.16, asinado polo intendente xefe da Policía Local e polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao segundo trimestre do ano 2016 (abril, maio e xuño), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

| Expte. | Partida | CM | Asunto | Adxudicatario | Data Decreto | Data Rc | Importe/€ |
|-----------|--------------|-----|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|--------------|----------|-----------|
| 47492-212 | 1320.2200201 | SUB | Paquete software microsoft | Win Tres Computer | 31/03/16 | 01/04/16 | 199,65 |
| 47765-212 | 1320.2330000 | SER | Curso defensa extensible | Adolfo Hermida Araujo e outro | 12/04/16 | 14/04/16 | 1.200,00 |
| 48029-212 | 1320.2330000 | SER | Curso primeira axuda psicolóxica e habilidades comunicación em situacións críticas | Ana Isabel Martínez Arranz | 18/04/16 | 20/04/16 | 480,00 |
| 48080-212 | 1320.2330000 | SER | Curso conducción segura motocicletas policiais | Javier Varela Vila e outros | 18/04/16 | 27/04/16 | 720,00 |
| 48098-212 | 1320.2219900 | SUB | Bases enchufes carril electrobanda | Jose Carlos Costas Álvarez | 18/04/16 | 20/04/16 | 1.742,40 |
| 48580-212 | 1320.2140000 | SER | Reparación mantemento sistema Tetra vehículos P. Local, Bombeiros e P. Civil | Telga SL | 11/05/16 | 11/05/16 | 6.053,48 |
| 48580-212 | 1360.2140001 | SER | Reparación mantemento sistema Tetra vehículos P. Local, Bombeiros e P. Civil | Telga SL | 11/05/16 | 11/05/16 | 4.324,52 |
| 48884-212 | 1320.2330000 | SER | Curso coordinación có Departamento municipal de Benestar Social | Paz Fernández Fernández | 07/06/16 | 08/06/16 | 240,00 |
| 49080-212 | 1320.2219900 | SUB | Cintas balizamento | Cies SL | 14/06/16 | 16/06/16 | 2.456,30 |
| 49125-212 | 1320.2219903 | SUB | Adquisición cascos para o servizo | - | 14/06/16 | 16/06/16 | 1.000,00 |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(830).- SOLICITUDE DE PERMUTA DA FUNCIONARIA DE CARREIRA DO CONCELLO DE VIGO CON NÚMERO DE PERSOAL 80571, CUNHA FUNCIONARIA DA DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPTE: 27689/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19.08.16, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de rexistro de entrada de data 15/02/2016 (documento nº 160016719) D^a Ana María Osorio Calles, con nº de persoal 80.571, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, con praza de administrativa de administración xeral, Grupo C1 e posto de traballo de igual denominación, adscrita ao Servizo de Administración de Tributos, solicita a autorización de permuta con D^a María Isabel Otero Méndez, funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Pontevedra.

II. Con Rexistro de entrada no Concello de data 24/02/2016 (DOC. 160021997) dona María Isabel Otero Méndez, con DNI 36.109.331-K, achega escrito acreditando a súa conformidade á permuta do seu posto de traballo na Deputación de Pontevedra co de dona Ana María Osorio Calles no Concello de Vigo, da mesma escala e grupo de clasificación.

III. Con Rexistro de data 29/02/2016 (DOC. 160023878 e 160023881, respectivamente) achéganse pola Deputación de Pontevedra o informe acreditativo dos requisitos esixidos polo artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia da funcionaria dona María Isabel Otero Méndez e o informe favorable á permuta solicitada entre ambas funcionarias, asinados pola xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra en data 22/02/2016.

IV. Con data 21/03/2016 a xefa de Dirección de Ingresos do Concello de Vigo emite informe favorable coa necesidade de que dona Ana María Osorio Calles permanezca no seu actual posto de traballo ata o final do mes de abril para ultimar a tramitación dunha serie de expedientes que ten encomendados.

V. En data 30/03/2016 emítese informe xurídico desfavorable á solicitude formulada, pola motivación exposta no mesmo, notificándose ás solicitantes para a formulación das alegacións que se estimasen procedentes.

VI. Presentadas alegacións tanto por D^a M^a Isabel Otero Méndez como por D^a Ana M^a Osorio Calles incorporadas ao expediente administrativo, en escritos de datas 17/06/2016 (DOC. 160081724 e DOC. 160081297) as solicitantes presentan petición de certificado acreditativo de acto presunto por silencio administrativo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- RÉXIME XURÍDICO DAS PERMUTAS E CONSIDERACIÓNS LEGAIS AO EFECTO

En aplicación da Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), o artigo 99 da vixente Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, é aplicable ás permutas que se autoricen entre funcionarios das entidades locais de Galicia, coa excepción da Policía Local, que ten regulación específica.

Dito artigo resulta de aplicación directa ao ter carácter de lexislación de desenvolvemento da lexislación básica estatal, en virtude do disposto no artigo 78.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Xa que logo e, para a autorización de permutas, deberán cumprirse por ambos solicitantes os requisitos seguintes:

- a) mesmo complemento retributivo (nivel de Complemento de Destino) e mesmo subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que éste non teña subgrupo, corpo ou escala asignados.
- b) mesma forma de provisión (concurso ordinario) na correspondente Relación de Postos de Traballo de cada organización.
- c) período mínimo de cinco anos de servizos efectivos prestados como persoal funcionario de carreira, requisito que ambos deberán reunir.
- d) que a ningunha das persoas que pretendan a permuta lle resten menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.

-O efectivo permutante que se incorpora ao Concello de Vigo procedente doutra administración pública será adscrito ao mesmo posto de traballo ao que esté adscrito o efectivo permutante do Concello de Vigo.

-Unha vez autorizada a permuta, o novo efectivo que se incorpora queda sometido ás seguintes condicións:

- a) obriga de permanencia no posto de traballo obtido por permuta un mínimo de 2 anos antes de poder concursar interna ou externamente a outro posto.
- b) non resulta posible legalmente autorizar unha nova permuta ao dito funcionario no prazo de 5 anos, no caso de que a solicitase.

Debe considerarse que a figura xurídica da permuta está pensada para a permuta de postos de traballo e non para a permuta de prazas, tal e como se pretende polo persoal solicitante, e tal e como, por outra banda, resultaría ser a única opción viable no ámbito das administracións locais, toda vez que cada unha das máis de 8.000 entidades locais de España ten autonomía propia e diferenciada das restantes, nos termos do previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tendo legalmente recoñecidas as potestades públicas de autoorganización e de planificación (artigo 4); potestades que afectan á configuración legal das plantillas e da organización do persoal propio de cada entidade., ao non existir un corpo unificado de funcionarios de administración local (salvo o suposto da habilitación de carácter nacional, non aplicable ao presente caso).

Deste xeito, a autorización dunha permuta no ámbito local conleva na práctica a autorización para a alteración, consensuada e consentida polos/as solicitantes, do vínculo xurídico conformador da relación de servizo de cada efectivo coa súa Administración Pública de orixe, dado que a permuta está configurada legalmente para o interno ámbito de unha única administración pública -excepción feita de regulacions legais específicas, como resulta ser a prevista na Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación das Policía Locais de Galicia, que

contempla o réxime legal das permutas entre funcionarios dos corpos de policía local- e non para a alteración da condición de funcionario/a de carreira dunha entidade local e simultánea adquisición da condición de funcionario/a de carreira doutra entidade local, que é o efecto práctico dunha permuta entre o persoal ao servizo de diferentes entidades locais.

Por tanto, e considerado o efecto práctico indicado, autorizar unha permuta como a solicitada sen cumprir os requisitos legalmente establecidos conlevaría na práctica unha vulneración dos principios constitucionais de legalidade e de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3 CE 1978), dado que o funcionario/a permutante procedente doutra administración ten que ingresar de maneira regular e axustada a Dereito na entidade local na cal se integra, e non incumprindo os requisitos legais ao efecto -no presente suposto, non se cumpre o requisito de "idéntico nivel de complemento retributivo" preceptuado na Lei 2/2015, do 29 de abril, tal e como xa se lles trasladou ás solicitantes en trámite de alegacións-.

Consecuencia directa do réxime legal exposto resulta ser o da ausencia de carácter imperativo para a Administración na autorización das permutas, tendo, en todo caso, un carácter potestativo na súa autorización, como así se desprende do teor do artigo 99.1, parágrafo primeiro, da Lei 2/2015, do 29 de abril ("*Pueden autorizarse permutas de puestos de trabajo entre personal funcionario de carrera de la misma Administración pública o de entidades públicas instrumentales dependientes de esta, siempre que concurren las siguientes circunstancias*") de xeito tal que, aínda cumpríndose polos/as efectivos solicitantes os requisitos legalmente contemplados para a súa autorización -o cal non se da non presente expediente, como xa se expuxo- podería ser desestimada unha solicitude de permuta de forma debidamente motivada, sempre en atención a criterios obxectivos de xestión de recursos humanos, debidamente razoados e sustentados no interese xeral, como a título exemplificativo poden ser o desempeño favorable (por enriba da media) do efectivo que desexa marcharse -que pode supoñer unha merma na debida prestación do servizo público, máxime de integrarse un efectivo con menor desempeño-; un elevado grao de abstentismo laboral por parte de calquera dos efectivos permutantes, que impactaría moi negativamente na prestación do servizo da entidade de destino; ou cando o custe económico do efectivo permutante que se integra ex novo a cambio do efectivo que se marcha por concretos conceptos retributivos (antigüidade) puidese supoñer un incremento do gasto público para a entidade local que o admite na plantilla.

II.- PROCEDIMIENTO DE AUTORIZACIÓN DAS PERMUTAS

Comprobado o expediente persoal da solicitante da permuta, dona Ana María Osorio Calles, obrante na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, constan os datos seguintes:

- tipo de vínculo xurídico: funcionaria de carreira do Concello de Vigo.
 - praza: administrativa, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral.
 - posto de traballo actual: administrativa de administración xeral, adscrita ao Servizo de Administración de Tributos
 - nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 19.
- prestou un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como funcionaria de carreira.
 - fáltanlle máis de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa

Segundo o informe da xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra de data 22/02/2016 (con Rexistro de entrada de data 29/02/2016, DOC. 160023878) de dona María Isabel Otero Méndez, resultan acreditados os seguintes datos:

- tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira da Deputación de Pontevedra.
- praza: administrativa, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral.
- posto de traballo actual: administrativa de administración xeral adscrita ao Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 20.

- prestou un mínimo de cinco anos de servizos efectivos como funcionaria de carreira.
- fáltanlle máis de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa

III.- SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS: ANÁLISE E CONSIDERACIÓN XURÍDICA

Con respecto ao contido das alegacións presentadas polas solicitantes tras a notificación do informe xurídico desfavorable, e efectuando unha análise conxunta de ambos escritos, cómpre indicar o seguinte:

a) O feito de que unha entidade local informe favorablemente unha solicitude de permuta non pode nin debe vincular a outra entidade local distinta para a resolución do expediente administrativo, estando ben claro o contido do artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, xa analizado, e que se reproduce, no cal se sinala que:

"1. Pueden autorizarse permutas de puestos de trabajo entre personal funcionario de carrera de la misma Administración pública o de entidades públicas instrumentales dependientes de esta, siempre que concurren las siguientes circunstancias:

- *a) Que los puestos de trabajo tengan el mismo complemento retributivo, puedan ser ocupados por personal funcionario del mismo subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga subgrupo, cuerpo o escala, y su forma de provisión sea el concurso ordinario.*
- *b) Que las personas que pretendan la permuta hayan prestado un mínimo de cinco años de servicios efectivos como personal funcionario de carrera.*
- *c) Que a ninguna de las personas que pretendan la permuta le falte menos de cinco años para cumplir la edad de jubilación forzosa.*

2. Las permutas de puestos de trabajo contempladas en este artículo se autorizarán por el procedimiento que se establezca reglamentariamente, previo informe de los correspondientes órganos competentes en materia de personal.

3. El personal funcionario de carrera al que le fuese autorizada una permuta de puestos de trabajo quedará sometido al siguiente régimen:

- *a) Deberá permanecer en el puesto obtenido por permuta un mínimo de dos años para poder participar en los concursos de provisión de puestos de trabajo.*
- *b) En el plazo de cinco años a partir de la concesión de una permuta no se autorizará otra a ninguna de las personas interesadas."*

Segundo as regras que para a interpretación das normas xurídicas contempla o artigo 3 do vixente Código Civil, as normas se interpretarán según o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos e a realidade social do tempo en que sexan aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas. Por tanto, non sería axustado a Dereito que o espírito e finalidade da lei sexa a de que o xestor de recursos humanos efectúe unha determinación de qué constitúe “mesmo nivel de concepto retributivo”, dado que non só constituiría unha actuación arbitraria, senón que se incumpriría a vontade do lexislador de homoxeneizar e actualizar o réxime xurídico dunha figura tan singular como a da permuta, sen ter sido consciente da necesidade de ter establecido, com maior grao de concreción, un réxime específico para o persoal ao servizo das entidades locais. No caso da cita legal do artigo 71 do RD 364/1995, do 10 de marzo, ésta considérase non aplicable ao presente suposto, xa que os principios de xerarquía normativa, de legalidade e de competencia na aplicación do Dereito implican que resulte de aplicación directa, prioritaria e preferente o previsto no artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, fronte a calquera norma de rango normativo inferior. Igual indicación efectúase con respecto á cita do artigo 62 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, que tanto polo seu carácter preconstitucional como pola existencia de lexislación posterior especificamente aplicable ao concreto caso pode e debe entenderse máis que superada, en atención aos esenciais principios *lex posterior derogat anterior* e *lex specialis derogat generalis* que rexen, respectivamente, a especialidade na aplicación do dereito e a aplicación das normas xurídicas no tempo.

b) Polo que respecta á conciliación e mobilidade invocadas someramente nas alegacións presentadas, debe indicarse que, se ben dende o ano 2007 a entrada en vigor do EBEP eliminou o deber de residencia no termo municipal no cal prestan servizos dos funcionarios ao servizo das entidades locais -deber únicamente existente á data de hoxe para o persoal dos corpos de policía local, que por desenvolvemento regulamentario non poden residir a máis de 100 km do concello no cal prestan servizos- a decisión de residir nun ou outro lugar resulta estar ubicada nun ámbito totalmente alleo á esfera pública, tendo carácter personalísimo e pertencendo á esfera privada de cada efectivo. Nunha organización das dimensións do Concello de Vigo, con casi 1500 efectivos en plantilla, non resultaría viable a análise e toma en consideración da vida persoal de cada un deles para a planificación de recursos, xa que todos/as eles ou elas, en maior ou menor medida, sen dúbida teñen cadansúa situación persoal e de residencia; debendo lembrar que a decisión de optar a unha praza nunha entidade local e residir en outra entra dentro das opcións vitais de cada persoa, por completo alleas ao interese xeral, que é o que debe presidir a actuación administrativa, segundo establece o artigo 103 da Constitución de 1978.

Obxectivamente considerado o suposto concreto, non parece que a distancia xeográfica entre a cidade de Vigo e a cidade de Pontevedra (34 km) conleve un impedimento real para a conciliación laboral e familiar, sendo moitos os efectivos do Concello de Vigo que diariamente se desplazan á cidade para o desempeño do seu postos de traballo, en ocasións dende maiores distancias e incluso dende fora da provincia; adicionalmente, debe considerarse que a existencia de infraestructuras viarias modernas e adecuadas, así como a existencia dunha rede de transporte público permanente (tren e autobuses) permite desplazarse en menos de media hora entre ambas localidades sen ter que recurrir á utilización de vehículo particular.

c) Por outra banda, e considerando que unha das solicitantes da permuta (D^a M^a Isabel Otero Méndez) ten a condición de funcionaria de carreira da Deputación de Pontevedra, resulta necesario lembrar que a conciliación pretendida pode ser resolta no ámbito da súa propia

Administración de procedencia, ao ter o ente provincial sede propia no termo municipal de Vigo, podendo xestionar ela mesma, dentro da súa organización e no marco dos procedementos de mobilidade interna e de provisión de postos de traballo dos que dita entidade dispoña, un acercamento á cidade de Vigo sen necesidade de recurrir ao método da permuta.

d) Non resulta axustada á realidade á manifestación efectuada de que no ano 2010 o Concello de Vigo autorizou “un suposto casi idéntico” ao actual; como ben sinala a alegante, o concepto “casi idéntico” , ademáis do nulo rigor na identificación, non pode ser interpretado como identidade de suposto fáctico, xa que o procedemento de autorización de permuta ao cal se fai referencia foi tramitado e autorizado ao abeiro do marco legal vixente no momento, que era precisamente o artigo 62 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Civís do Estado, única norma xurídica que amparaba a permuta no ámbito das entidades locais ata a aprobación da Lei 2/2015, do 29 de abril, e que, como precisamente coñecen ambas alegantes, establecía requisitos ben distintos aos que establece actualmente o artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

Por tanto, e pola motivación exposta, non parece que as alegacións presentadas teñan sustento legal suficiente para poder ser estimadas nin para desvirtuar, dende unha perspectiva estritamente xurídica, o informe xurídico desfavorable da Área de Recursos Humanos e Formación de data 30/03/2016.

IV.- SOBRE A SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN DE ACTO PRESUNTO E OS EFECTOS DO SILENCIO ADMINISTRATIVO

O réxime do silencio administrativo se recolle no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, que establece que:

“1. En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa legitima al interesado o interesados que hubieran deducido la solicitud para entenderla estimada por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una norma con rango de ley por razones imperiosas de interés general o una norma de Derecho comunitario establezcan lo contrario.

Asimismo, el silencio tendrá efecto desestimatorio en los procedimientos relativos al ejercicio del derecho de petición, a que se refiere el [artículo 29 de la Constitución](#), aquellos cuya estimación tuviera como consecuencia que se transfirieran al solicitante o a terceros facultades relativas al dominio público o al servicio público, así como los procedimientos de impugnación de actos y disposiciones. No obstante, cuando el recurso de alzada se haya interpuesto contra la desestimación por silencio administrativo de una solicitud por el transcurso del plazo, se entenderá estimado el mismo si, llegado el plazo de resolución, el órgano administrativo competente no dictase resolución expresa sobre el mismo.

2. La estimación por silencio administrativo tiene a todos los efectos la consideración de acto administrativo finalizador del procedimiento. La desestimación por silencio administrativo tiene los solos efectos de permitir a los interesados la interposición del recurso administrativo o contencioso-administrativo que resulte procedente.

3. La obligación de dictar resolución expresa a que se refiere el apartado primero del artículo 42 se sujetará al siguiente régimen:

- a) En los casos de estimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior a la producción del acto sólo podrá dictarse de ser confirmatoria del mismo.
- b) En los casos de desestimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior al vencimiento del plazo se adoptará por la Administración sin vinculación alguna al sentido del silencio.

4. Los actos administrativos producidos por silencio administrativo se podrán hacer valer tanto ante la Administración como ante cualquier persona física o jurídica, pública o privada. Los mismos producen efectos desde el vencimiento del plazo máximo en el que debe dictarse y notificarse la resolución expresa sin que la misma se haya producido, y su existencia puede ser acreditada por cualquier medio de prueba admitido en Derecho, incluido el certificado acreditativo del silencio producido que pudiera solicitarse del órgano competente para resolver. Solicitado el certificado, éste deberá emitirse en el plazo máximo de quince días.”

Neste senso, debe indicarse que, antes as posibles consecuencias potencialmente lesivas para o principio de legalidade derivadas dos efectos do silencio en caso de ter sentido positivo, o artigo 62.1, apartado f) da mesma norma establece a nulidade dos actos administrativos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

No presente caso, debe considerarse que a expedición da certificación de silencio administrativo positivo solicitada conlevaría dictar por parte desta Administración un acto nulo de pleno dereito, toda vez que se estaría recoñecendo a adquisición por silencio do dereito a permutar sen reunir os requisitos legalmente contemplados ao efecto, non tendo a autorización dunha permuta carácter obrigatorio e inexcusable para a Administración, como así sinala o artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nin tendo carácter imperativo con respecto á eventual autorización dunha permuta, que, tal como se expuxo, ten carácter potestativo e non obrigatorio para Administración, de xeito tal que aínda cumpríndose os requisitos legais, ésta podería ser desestimada por motivos fundamentados na garantía do interese xeral.

A este respecto, e sobre os efectos do silencio administrativo en materia de persoal en supostos de ausencia de imperatividade da norma xurídica a aplicar, resulta sumamente ilustrativa a Sentenza 90/2014, do 9 de abril, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) 90/2014.

V.- CONCLUSIONES

De conformidade co anterior, non resulta procedente a autorización da permuta solicitada, segundo os antecedentes expostos e a motivación legal indicada, toda vez que as funcionarias que instan a presente permutan non teñen o mesmo complemento retributivo, por contar con distinto nivel de complemento de destino (19 e 20, respectivamente) non procedendo a expedición de certificación de silencio administrativo positivo por ser contraria ésta ao artigo 62,1, apartado f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

VI.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de expedición de certificación de silencio administrativo positivo formulada por D^a Ana María Osorio Calles, con nº de persoal 80.571, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, pola motivación exposta no informe-proposta que antecede (incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia) e ao abeiro do disposto no artigo 62,1, apartado f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de permuta formulada por D^a Ana María Osorio Calles, con nº de persoal 80.571, funcionaria de carreira do Concello de Vigo, con data de rexistro de entrada de 15/02/2016 (documento nº 160016719) pola motivación exposta no informe-proposta que antecede (incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, e ao abeiro do disposto no artigo 62,1, apartado f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás solicitantes e persoal técnico da Área de RRHH e Formación, así como ao Servizo de Participación e Atención Cidadá para remisión de copia ao Valedor do Pobo de Galicia, debendo incorporarse copia ao expediente personal da solicitante."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(831).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 01/07/2016 EN EXPTE: 28214-220 SOBRE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR UTILIZACIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO SEN SER OFICIAL CONDUTOR, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015 E 1º TRIMESTRE DE 2016. EXPTE. 28540/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19.08.16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2016, acordouse a aprobación o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentada no informe emitido pola xefatura do servizo de Parques e Xardíns, obrante no expediente administrativo, acreditativa e motivadora da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 4º trimestre-2015 e 1º trimestre-2016, polas cantidades que figuran nas relacións contidas no expediente 28214-220

Detectado erro na relación remitida polo Servizo de Montes Parques e Xardíns, no que se inclúe ao empregado municipal D Benito Freiria Rodríguez (NP 80331) na devandita relación cando non debería figurar por non corresponderlle dito aboamento polo que procede a rectificación do acto administrativo.

Segundo establece o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Rectificar, de conformidade co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/07/2016 (Expte 28214/220) , no que se aproba o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentada no informe emitido pola xefatura do servizo de Parques e Xardíns, obrante no expediente administrativo, acreditativa e motivadora da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 4º trimestre-2015 e 1º trimestre-2016, polas cantidades que figuran nas relacións contidas no presente expediente, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe total de 3.511,82€, debendo figurar o importe de 3.373,24 €, e non procedendo o aboamento ao empregado municipal D Benito Frieria Rodríguez, mantendo os restantes extremos da resolución indicada.

Segundo.- Dar da conta da presente resolución a Intervención Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(832).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL

5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, COMO ENXEÑEIROS TÉCNICOS EN TOPOGRAFÍA (SUBGRUPO A2). EXPTE: 28423/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.08.16, dáse conta do informe-proposta do 21.07.16, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a técnica de Admón. Xeral e o concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11/12/2015, aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros/as Técnicos/as en Topografía, Subgrupo A2 de Titulación, expte. 27061/220, bases que foron publicadas no BOP de data 12 de xaneiro de 2016.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do EBEP, derogado coa entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na actualidade polo mesmo artigo do TREBEP, e normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de

selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 21/06/2016, formulou a correspondente proposta dos/as 3 aspirantes aptos para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓNS TOTAIS |
|----|--------------------|---------|-----------|--------------------|
| 1 | SAAVEDRA SALGUEIRO | PABLO | 35313633P | 20,29 |
| 2 | FERREIRO ARIAS | ANTONIO | 33348606D | 16,98 |
| 3 | LAGO FALCÓN | ELENA | 35464376D | 14,91 |

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a-Técnico/a en Topografía, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros/as-Técnicos/as en Topografía, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 21/06/2016, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUA- CIÓNS TOTAIS |
|----|--------------------|---------|-----------|----------------------|
| 1 | SAAVEDRA SALGUEIRO | PABLO | 35313633P | 20,29 |
| 2 | FERREIRO ARIAS | ANTONIO | 33348606D | 16,98 |
| 3 | LAGO FALCÓN | ELENA | 35464376D | 14,91 |

Segundo.- Dispoñer que a referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(833).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 24360/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.08.16, dáse conta do informe-proposta de data 23.08.16, asinado pola técnica media de Relación Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

–Por orde de servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 29/07/2016, comunicouse a esta Área de Recursos Humanos e Formación, se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, formalizado coa entidade “SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA”.

–Con data 04/04/2014, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, aprobou o expediente de contratación do seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

–A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 8/08/2014, adoptou polo que se adjudicou a SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA, o procedemento aberto para a contratación da póliza de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo por un prezo total de 185.531 euros (IVE incluído), sendo o prazo do contrato de dous anos, podendo ser obxecto de dúas prórrogas por un período de un ano cada unha delas.

–O contrato de seguro de vida e accidentes ten carácter de contrato privado, coa categoría contractual do contrato de seguros, establécendose que, de conformidade co disposto no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) os contratos privados se rexerán e quedarán sometidos, en canto a súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, pola TRLCSP e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de Dereito Administrativo, ou, no seu caso, as normas de Dereito Privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo Dereito Privado, resultando igualmente aplicables as cláusulas contidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e no presente Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

–O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 1 de setembro de 2014, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

–Tanto no contrato, cláusula 4, como no prego de cláusulas administrativas particulares, cláusula 4.2., prevese a posibilidade de prórroga mediante acordo expreso da Xunta de Goberno Local, sendo o prazo de execución inicial de dous anos, e dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que calquera das partes non se opuxese á mesma cunha antelación mínima de seis meses ao vencemento do período en curso, debendo existir acordo municipal da prórroga antes da data de fin da formalización do contrato, 1 de setembro de 2016.

–Con carácter xeral para todos os contratos, o art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periódicamente a concorrência a realización daquelas.

–O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

–Esta prórroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal, que non foi obxecto de modificación dende a súa adxudicación.

–Existe RC nº 21087, por importe de 92.765,50 € (noventa e dous mil setecentos sesenta e cinco euros con cincuenta centimos de euro), con cargo a partida 22101620500644 “Seguro colectivo de vida e Accidentes” do vixente orzamento municipal.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo, RGLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro.
- Lei 20/2005, de 14 de novembro, de creación do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.
- Real Decreto Lexislativo 7/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros.
- Real Decreto 300/2004, de 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Seguro de Riscos Extraordinarios.

Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

III.- CONCLUSIÓN

Procede efectuar a prórroga do referido contrato por un ano máis coa entidade “SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA”, toda vez que resulta axustado a dereito, que existe a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares, que a concorrência para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas e dado que existe crédito orzamentario

para facer fonte ó gasto con cargo a partida 22101620500644 "Seguro colectivo de vida e Accidentes" do vixente orzamento municipal (RC nº . 21087) e informe de fiscalización preceptivo da Intervención Xeral de data 22/08/2016.

IV.- RÉXIME COMPETENCIAL

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro; así como na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar a primeira prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, formalizado coa entidade "SURNE MUTUA DE SEGUROS E RE-ASEGUROS A PRIMA FIJA" polo período do 01/09/2016 a 31/08/2016, por un importe de 92.765,50 € (RC 21087) con cargo á partida 22101620500644 "Seguro colectivo de vida e Accidentes" do vixente orzamento municipal.

Segundo.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o adoptou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(834).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL, EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS, DURANTE O MES DE XULLO DE 2016. EXPTE. 28332/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 23.08.16, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

ÚNICO.- Durante o mes de xullo, foron dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal as resolucións que se indican, no exercicio das competencias que en materia de recursos humanos ostenta o dito órgano segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019 (Decreto Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo XGL de mesma data, coas actualizacións correspondentes).

En consecuencia, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e en cumprimento do establecido nos actos administrativos de delegación citados en relación á dación de conta do exercicio das competencias delegadas, así como no previsto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, pola presente proponse:

ÚNICO.- Tomar razón, e en consecuencia quedar enterada, das resolucións dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal no exercicio das competencias atribuídas en materia de recursos humanos, segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019, durante o mes de xullo de 2016, concretadas na relación seguinte:

–Decreto de data 01/07/2016 (expediente administrativo nº 28269-220): Reasignación da empregada municipal da funcionaria de carreira Dna. Pepa Calvet Micas, ao servizo de Estatística.

–Decreto de data 05/07/2016 (expediente administrativo nº 28352-220): convenios de cooperación educativa entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) e o Concello de Vigo.

–Decreto de data 05/07/2016 (expediente administrativo nº 28357-220): convenios de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Vigo, para a realización por parte dos alumnos de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares.

–Decreto de data 08/07/2016 (expediente administrativo nº 7723-612): Incoación de expediente disciplinario.

–Decreto de data 12/07/2016 (expediente administrativo nº 28227-220): Solicitud de informe sobre comisión de servizos para posto de policía local no Concello de Guitiriz.

–Decreto de data 13/07/2016 (expediente administrativo nº 28313-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo da OSPIO, para os meses de xullo, agosto e setembro de 2016.

–Decreto de data 14/07/2016 (expediente administrativo nº 28381-220): Solicitud de renuncia presentada por Dna. Blanca Lijó Rodríguez, nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas.

–Decreto de data 14/07/2016 (expediente administrativo nº 28310-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Cultura e Bibliotecas, para os meses de xullo, agosto e setembro de 2016.

–Decreto de data 14/07/2016 (expediente administrativo nº 28339-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Conserxería, para os meses de xullo, agosto e setembro de 2016.

–Decreto de data 15/07/2016 (expediente administrativo nº 28318-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Parque Móbil, para os meses de xullo, agosto e setembro de 2016.

–Decreto de data 20/07/2016 (expediente administrativo nº 28293-220): Reasignación de efectivos á Asesoría Xurídica de Dna. Montserrat Cruces Fernández, con praza de subalterna e posto de ordenanza-porteiro.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

17(835).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 95381/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.07.16, dáse conta do informe-proposta do 12.08.16, asinado polo enxeñeiro técnico Industrial, o xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, o concelleiro delegado da Área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

O 19 de xuño de 2015 D. Xosé Martínez González, en nome e representación da IMESAPI,S.A. Servizos Mobilidade, con NIF A28010478 adxudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de subministración, mantemento e conservación das marcas e vias do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos correspondente o ano 2015 do contrato mencionado.

Fundamentación xurídica:

No cláusula 3.2 do Prego de Cláusulas Administrativas en correlación coa apartado noveno das Follas de características do contrato (FEC) que rexe o presente contrato se establece expresamente que o contrato poderá dar lugar só a revisión ordinaria que procederá para todos os prezos do contrato en función do 85% das variacións experimentadas polo IPC xeral establecido para todo o territorio nacional, elaborado polo INE e publicado no BOE, a petición e xustificación do contratista.

Con data 14 de febreiro de 2011 asinouse o contrato entre a empresa e o concello de Vigo polo importe de 450.000 euros anuais.

1.- Cálculo da actualización do prezo do contrato:

Para a revisión da anualidade 2014/2015, a aplicar a partir do 1 de marzo de 2015, deberánse aplicar aos prezos unitarios dos cadros anexos das páxinas 3-4-5-6 e 7 deste informe proposta, resultantes da revisión para o período marzo 2013 – febreiro 2014, o 85% do incremento do IPC período febreiro 2014 - febreiro 2015, que según os datos facilitados polo INE foi o -1,1%, que resulta o - 0,94%, non podendo en ningún caso rebasar o límite máximo de 480.454,16 €.

2.- Cálculo do IPC:

Segundo Informe-Proposta Expte: 87827/210 de revisión de IPC, estaba actualizado e pagado a empresa o atrasos ata a data 31/05/2.014.

O IPC atrasado no período dende xuño 2.014 a febreiro de 2.015 de 14.255,69€ cunha facturación real sen prezos actualizados de 345.973,33€ (IVE incluído) pagouse contra o presuposto de 2.014/2.015 en febreiro de 2.015.

Como a facturación estase a facer cos prezos do contrato, é necesario actualizar a facturación cos IPC dende o período 01/03/2.015 - 31/12/2.015.

O incremento do IPC nestes períodos segundo datos facilitados polo INE foron:

- marzo 2011/2012, que segundo datos facilitados polo INE foi de 2,00%.
- marzo 2012/2013, que segundo datos facilitados polo INE foi de 2,80%.
- marzo 2013/2014, que segundo datos facilitados polo INE foi de 0,00%.
- marzo 2014/2015, que segundo datos facilitados polo INE foi de -1,10%.

FACTURACIÓN CON IVE 01/03/2.015 – 31/12/2.015

| | FACTURADO MES | TOTAL |
|---------------|---------------|--------------|
| MARZO 2015 | 58.980,17 € | 430.454,17 € |
| ABRIL 2015 | 73.964,42 € | |
| MAIO 2015 | 123.720,28 € | |
| XUÑO 2015 | 81.352,23 € | |
| XULLO 2015 | 38.118,66 € | |
| AGOSTO 2015 | 15.139,17 € | |
| SETEMBRO 2015 | 39.179,24 € | |
| OUTUBRO 2015 | 0,00 € | |
| NOVEMBRO 2015 | 0,00 € | |
| DECEMBRO 2015 | 0,00 € | |

Facturado neste período 430.454,17€
 85% do IPC 1,70% 7.317,72 €

PARCIAL 437.771,89€
 85% do IPC 2,38% 10.418,97€

PARCIAL 448.190,86€
 85% do IPC 0,00% 0,00€

PARCIAL 448.190,86€
 85% do IPC -0,94% -4.212,99€

TOTAL IPC ATRASADO 13.523,70€

O funcionario que subscribe propón ao Concelleiro-delegado que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización, a seguinte proposta, que é coincidente coa que figura anteriormente mencionado.

3.- Actualización dos prezos unitarios:

Coa finalidade de facturar cos prezos unitarios actualizados cos IPC's correspondentes. axúntase o cadro de prezos unitarios coas súas distintas actualizacións dende a o inicio do contrato.

CUADRO DE PRECIOS CON IPC

SEÑALIZACION HORIZONTAL

PINTURA ACRILICA REFLEXIVA (Cualquiera color)

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|--------------------------------------------------|--------------|
| ML | Premarcaje de banda | 0,07 |
| ML | Banda 10cm, realmente pintada | 0,30 |
| ML | Banda 15cm, realmente pintada | 0,38 |
| ML | Banda 20cm, realmente pintada | 0,50 |
| ML | Banda 30cm, realmente pintada | 0,90 |
| M2 | Paso peatones, símbolos, cebreados, bandas, etc. | 8,41 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |
| 0,07 | 0,07 | 0,07 | 0,07 |
| 0,31 | 0,31 | 0,31 | 0,31 |
| 0,39 | 0,40 | 0,40 | 0,39 |
| 0,51 | 0,52 | 0,52 | 0,52 |
| 0,92 | 0,94 | 0,94 | 0,93 |
| 8,55 | 8,76 | 8,76 | 8,67 |

PINTURA PLASTICO DOS COMPONENTES REFLEXIVA (Cualquier color)

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|--------------------------------------------------|--------------|
| ML | Banda 10cm, realmente pintada | 1,71 |
| ML | Banda 15cm, realmente pintada | 2,57 |
| ML | Banda 30cm, realmente pintada | 5,16 |
| M2 | Paso peatones, símbolos, cebreados, bandas, etc. | 17,22 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |
| 1,74 | 1,78 | 1,78 | 1,76 |
| 2,61 | 2,68 | 2,68 | 2,65 |
| 5,25 | 5,37 | 5,37 | 5,32 |
| 17,51 | 17,93 | 17,93 | 17,76 |

PINTURA TERMOPLASTICO EN CALIENTE

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|-------------------------------|--------------|
| ML | Banda 10cm, realmente pintada | 1,02 |
| ML | Banda 15cm, realmente pintada | 1,42 |
| ML | Banda 20cm, realmente pintada | 1,62 |
| ML | Banda 30cm, realmente pintada | 2,40 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |
| 1,04 | 1,06 | 1,06 | 1,05 |
| 1,44 | 1,48 | 1,48 | 1,46 |
| 1,65 | 1,69 | 1,69 | 1,67 |
| 2,44 | 2,50 | 2,50 | 2,48 |

BORRADO SENALIZACION HORIZONTAL

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|---------------------------------------------------------------|--------------|
| M2 | Borrado (pintura convencional) con pintura negra | 7,32 |
| M2 | Borrado (pintura gris con arido) con pintura 2 manos | 14,29 |
| M2 | Borrado (pintura convencional) con fresadora | 21,47 |
| M2 | Borrado (dos componentes y pintura en caliente) con fresadora | 21,53 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |
| 7,44 | 7,62 | 7,62 | 7,55 |
| 14,53 | 14,88 | 14,88 | 14,74 |
| 21,83 | 22,35 | 22,35 | 22,14 |
| 21,90 | 22,42 | 22,42 | 22,21 |

CUADRO DE PRECIOS CON IPC

SEÑALIZACION VERTICAL

CARTELES DE LAMAS (Incluso anclajes)

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|------------------------------------------------------|--------------|
| M2 | Cartel lamas aluminio <i>Reflexivo NIVEL I (EG)</i> | 147,43 |
| M2 | Cartel lamas aluminio <i>Reflexivo NIVEL II (HI)</i> | 179,85 |
| M2 | Cartel lamas acero <i>Reflexivo NIVEL I (EG)</i> | 81,28 |
| M2 | Cartel lamas acero <i>Reflexivo NIVEL II (HI)</i> | 121,91 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |
| 149,94 | 153,50 | 153,50 | 152,06 |
| 182,91 | 187,26 | 187,26 | 185,50 |
| 82,66 | 84,63 | 84,63 | 83,83 |
| 123,98 | 126,93 | 126,93 | 125,74 |

FABRICADOS EN CHAPA DE ACERO GALVANIZADOS Y ROTULADOS REFLEXIVO (con anclajes)

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|------------------------------------------------------------------------|--------------|
| M2 | Cartel o flecha chapa 1 pieza galvanizada <i>Reflex. NIVEL I (EG)</i> | 119,25 |
| M2 | Cartel o flecha chapa 1 pieza galvanizada <i>Reflex. NIVEL II (HI)</i> | 162,25 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |
| 121,28 | 124,16 | 124,16 | 123,00 |
| 165,01 | 168,94 | 168,94 | 167,35 |

SEÑALES VERTICALES DE CIRCULACION REFLEXIVAS (con anclajes)

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|-------------------------------------------------------|--------------------------------|--------------|
| Señales triangulares REFLEXIVO NIVEL I (EG) | | |
| JD | Señal triangular de 700 mm. | 27,09 |
| JD | Señal triangular de 900 mm. | 37,93 |
| JD | Señal triangular de 1350 mm. | 82,37 |
| Señales triangulares REFLEXIVO NIVEL II (HI) | | |
| JD | Señal triangular de 900 mm. | 52,50 |
| JD | Señal triangular de 1350 mm. | 108,77 |
| Señales Circulares REFLEXIVO NIVEL I (EG) | | |
| JD | Señal circular 600 mm. | 37,23 |
| JD | Señal circular 900 mm. | 74,50 |
| Señales circulares REFLEXIVO NIVEL II (HI) | | |
| JD | Señal circular 600 mm. | 49,60 |
| JD | Señal circular 900 mm. | 85,96 |
| Señales octogonales REFLEXIVO NIVEL I (EG) | | |
| JD | Señal octogonal 600 mm. | 39,62 |
| JD | Señal octogonal 900 mm. | 64,91 |
| Señales octogonales REFLEXIVO NIVEL II (HI) | | |
| JD | Señal octogonal 600 mm. | 52,35 |
| JD | Señal octogonal 900 mm. | 87,50 |
| Señales informativas REFLEXIVO NIVEL I (EG) | | |
| JD | Señal informativa 600*600 mm. | 42,66 |
| JD | Señal informativa 900*900 mm. | 81,27 |
| JD | Señal informativa 600*900 mm. | 67,73 |
| JD | Señal informativa 900*1350 mm. | 137,49 |
| Señales informativas REFLEXIVO NIVEL II (HI) | | |
| JD | Señal informativa 600*600 mm. | 51,77 |
| JD | Señal informativa 900*900 mm. | 114,28 |
| JD | Señal informativa 600*900 mm. | 75,75 |
| JD | Señal informativa 900*1350 mm. | 162,23 |
| Placas complementarias REFLEXIVO NIVEL I (EG) | | |
| JD | P.C. 200*600 mm. | 29,53 |
| JD | P.C. 300*600 mm. | 30,58 |
| Placas complementarias REFLEXIVO NIVEL II (HI) | | |
| JD | P.C. 200*600 mm. | 32,03 |
| JD | P.C. 300*600 mm. | 38,60 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |

| | | | |
|-------|-------|-------|-------|
| 27,55 | 28,21 | 28,21 | 27,94 |
| 38,57 | 39,49 | 39,49 | 39,12 |
| 83,77 | 85,76 | 85,76 | 84,96 |

| | | | |
|--------|--------|--------|--------|
| 53,39 | 54,66 | 54,66 | 54,15 |
| 110,62 | 113,25 | 113,25 | 112,19 |

| | | | |
|-------|-------|-------|-------|
| 37,86 | 38,76 | 38,76 | 38,40 |
| 75,77 | 77,57 | 77,57 | 76,84 |

| | | | |
|-------|-------|-------|-------|
| 50,44 | 51,64 | 51,64 | 51,16 |
| 87,42 | 89,50 | 89,50 | 88,66 |

| | | | |
|-------|-------|-------|-------|
| 40,29 | 41,25 | 41,25 | 40,86 |
| 66,01 | 67,58 | 67,58 | 66,95 |

| | | | |
|-------|-------|-------|-------|
| 53,24 | 54,51 | 54,51 | 53,99 |
| 88,99 | 91,11 | 91,11 | 90,25 |

| | | | |
|--------|--------|--------|--------|
| 43,39 | 44,42 | 44,42 | 44,00 |
| 82,65 | 84,62 | 84,62 | 83,82 |
| 68,88 | 70,52 | 70,52 | 69,86 |
| 139,83 | 143,16 | 143,16 | 141,81 |

| | | | |
|--------|--------|--------|--------|
| 52,65 | 53,90 | 53,90 | 53,40 |
| 116,22 | 118,99 | 118,99 | 117,87 |
| 77,04 | 78,87 | 78,87 | 78,13 |
| 164,99 | 168,91 | 168,91 | 167,33 |

| | | | |
|-------|-------|-------|-------|
| 30,03 | 30,75 | 30,75 | 30,46 |
| 31,10 | 31,84 | 31,84 | 31,54 |

| | | | |
|-------|-------|-------|-------|
| 32,57 | 33,35 | 33,35 | 33,04 |
| 39,26 | 40,19 | 40,19 | 39,81 |

ELEMENTOS SUSTENTADORES DE SEÑALES VERTICALES Y CARTELES INFORMATIVOS (con anclajes)

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|--------------------------------------|--------------|
| ML | Poste galvanizado 80*40*2 mm | 9,47 |
| ML | Poste galvanizado 100*50*3 mm | 14,47 |
| ML | Poste galvanizado cilindrico 60*2 mm | 8,07 |
| ML | IPN 100 galvanizado | 14,13 |
| ML | IPN 120 galvanizado | 18,81 |
| ML | IPN 140 galvanizado | 24,05 |
| ML | IPN 160 galvanizado | 29,84 |
| ML | IPN 180 galvanizado | 36,53 |
| ML | IPN 200 galvanizado | 48,84 |

| IPC | IPC | IPC | IPC |
|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 2011/2012 | 2012/2013 | 2013/2014 | 2014/2015 |
| 1,70% | 2,38% | 0,00% | -0,94% |
| 9,63 | 9,86 | 9,86 | 9,77 |
| 14,72 | 15,07 | 15,07 | 14,92 |
| 8,21 | 8,40 | 8,40 | 8,32 |
| 14,37 | 14,71 | 14,71 | 14,57 |
| 19,13 | 19,59 | 19,59 | 19,40 |
| 24,46 | 25,04 | 25,04 | 24,81 |
| 30,35 | 31,07 | 31,07 | 30,78 |
| 37,15 | 38,04 | 38,04 | 37,68 |
| 49,67 | 50,85 | 50,85 | 50,37 |

ELEMENTOS ESPECIALES DE SEÑALIZACION (con anclajes)

| UD | CONCEPTO | PRECIO S/IVA |
|----|----------------------------------------------------------------------|--------------|
| UD | Espejo 600 mm carcasa plástica (irrompibles) | 131,71 |
| UD | Espejo 800 mm carcasa plástica (irrompibles) | 188,07 |
| UD | Panel direccional 1950*950 mm blanco y rojo Reflexivo NIVEL I (EG) | 130,03 |
| UD | Panel direccional 1950*950 mm blanco y rojo Reflexivo NIVEL II (HI) | 157,70 |
| UD | Panel direccional 1950*450 mm blanco y rojo Reflexivo NIVEL I (EG) | 74,16 |
| UD | Panel direccional 1950*450 mm blanco y rojo Reflexivo NIVEL II (HI) | 83,25 |
| UD | Panel direccional 1600*400 mm blanco y negro Reflexivo NIVEL I (EG) | 53,77 |
| UD | Panel direccional 1600*400 mm blanco y negro Reflexivo NIVEL II (HI) | 62,63 |
| UD | Panel direccional 800*400 mm blanco y negro Reflexivo NIVEL I (EG) | 33,26 |
| UD | Panel direccional 800*400 mm blanco y negro Reflexivo NIVEL II (HI) | 38,52 |
| M2 | Incremento en señales con lámina antigraffiti | 48,00 |

